

TRABALLO PARA O CURSO DE METEOROLOXÍA

Estudo da contaminación acústica e por SO₂ en Marín

Estudo da contaminación por SO₂:

Cos alumnos do curso de Ciencias da Terra e mediambientais, de 1º de Bacharelato, decidín facer un pequeno estudo da contaminación por SO₂ empregando líques como bioindicadores. Dividimos o mapa de Marín cunha cuadrícula e os alumnos se repartiron, ben por parellas ou individualmente, as diferentes zonas. Debían entregar, nun prazo de dúas semanas, una follla na que aparecerán dúas fotografías de líques atopados en cada zona asignada.

Ademais destas imaxes tiñan que indicar: a concentración de SO₂ (en g/m³), o grao de contaminación e os nomes das especies reseñadas. Todo segundo o seguinte cadro:

Concentración de SO ₂ (g/m ³)	Grao de contaminación	Especie
150-170	Moi alto	Non se observa
125	Alto	<i>Lecanora</i>
60-50	Medio	<i>Xanthoria</i>
40	Escaso	<i>Parmelia</i>
35-0	Ausencia	<i>Evernia, Ramalia, Usnea</i>

Con tódolos datos podíamos facernos unha idea da cantidade de SO₂ no pobo de Marín, e se ésta variaba duns lugares a outros.

Estudo da contaminación acústica:

Como tódolos alumnos dispoñen de teléfono móbil, podemos descargar unha aplicación gratuita chamada "sonómetro". Con ela o teléfono transfórmase nun sonómetro, aparato que mide a intensidade do son en decibelios. Con esta ferramenta decidimos elaborar un mapa de ruído. Cada alumno na súa casa, tres veces ao día, dende a ventana máis próxima á rúa, determinará o nivel de ruído, en decibelios, empregando o móbil como sonómetro. Estas medicións realizadas de 8'00 a 8'30, de 15 a 15'30 e de 21'00 a 22'00 nos diferentes días dunha semana, vainos a ofrecer información suficiente para elaborar un mapa de contaminación acústica de Marín.

Neste mapa podemos indicar os diferentes niveis de ruído empregando isófonas (liñas que unen puntos con nivel de ruído iguais) ou empregando cores.

José Manuel Parceros Santos